

**BASES E CONVOCATORIA DAS BOLSAS PARA A COMPRA DE LIBROS E MATERIAL ESCOLAR DE EDUCACIÓN INFANTIL PARA O CURSO 2020/2021
CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS**

Informáselles que por en Xunta de Goberno Local a día 05 de xuño de 2020 aprobáronse as **bases e convocatoria para compra de libros e material escolar de educación infantil 2020/2021**. As cales se van a mandar a Base de Datos Nacional de Subvencións para a publicación no “Boletín Oficial da Provincia de Ourense” para o coñecemento de toda a cidadanía.

O prazo de presentación será de 15 días hábiles contados dende o día seguinte da súa publicación, do extracto no BOP. Momento no cal se poñerá na páxina web do Concello www.concellodobarco.org as bases así como os modelos de solicitude e de autorizacións.

Ademais as bases desta convocatoria como os modelos de solicitude estarán expostas no talón de anuncios do departamento de Servizos Sociais.

As solicitudes presentaranse no rexistro de entrada do Concello do Barco de Valdeorras nos días hábiles de en horario 9:00 a 14:00 ou no rexistro Electrónico do Concello do Barco (<https://sede.concellodobarco.org>), no prazo sinalado.

Co fin de darlles a máxima publicidade remíteselle este comunicado para que o fagan chegar o máximo número de familias acompañado con un resume das mesmas e a documentación a presentar.

Para mais información dirixirse o Departamento de Servizos Sociais. Paza do Concello nº 1. 32300
TLF: 988320202 Extensión: :2168

O Barco de Valdeorras, a

Atentamente,

O ALCALDE

Alfredo L. García Rodríguez



BOLSAS PARA A COMPRA DE LIBROS E MATERIAL ESCOLAR DE EDUCACIÓN INFANTIL PARA O CURSO 2020-2021 (resumo das bases)

BENEFICIARIOS :

O Alumnado empadroadado no Concello do Barco e que curse estudos nalgún dos centros docentes do Concello no segundo ciclo de Educación Infantil no curso 2020-2021

REQUISITOS

- > Estar empadroadado e residencia efectiva no Concello do Barco.
- > Cursar estudos en calquera dos centros docentes do Concello do Barco no segundo ciclo de Educación infantil no curso 2020-2021.
- > Que os ingresos na unidade familiar sexan inferiores a 18.000€ anuais/netos ou superando esta cantidade non exceda a R.P.C. da unidade familiar de 4.030 euros.
- > Que ambos proxenitores do/da menor se encontren ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), co Concello de O Barco e coa Seguridade Social . (salvo separación ou divorcio)
- > Non ter recibidas nin solicitadas outras subvencións polo mesmo concepto.
- > Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario.
- > Todos os requisitos debense cumprir dende a data de entrega de solicitude ata o final do procedemento.

CONTAS

Entregarase un VALE intercambiable en librerías colaboradoras.

RANGO DE INGRESOS	CANTIA DO BONO
0€ A 10.000€/ANO 2018	95 €
ENTRE 10.001 €/ ata 14.000€/ano 2018	85 €
ENTRE 14.001 € e 18000 €/ ou R.P.C. inferior a 4.030 €. ano 2018	75€

CRITERIOS DE VALORACION ECONOMICA. INGRESOS – DESCONTOS = CUANTIA

INGRESOS (datos económicos)	Descontos a practicar sobre os ingresos xustificadas correctamente	%
Inclúese para o calculo económicos tense en conta os ingresos de tódolos membros da Unidade Familiar . (Inclúese na Unidade Familiar pai, nai relación análoga, avós irmáns que convivan no domicilio (salvo separación ou divorcio)	1.Vivir nun piso de alugueiro ou pagar hipoteca	10
	2. Encontrarse en situación de discapacidade ou dependencia de algún dos membros computables	20
Se presenta declaración da renda ano 2018: suma da base impositiva xeral (435)+ base imponible do aforro (casilla 460)	3 Familia monoparental . Familias formadas por un único proxenitor. Separación ou divorcio ou separacións de feito Viuvez	20
	4Pertencer a familia numerosa	20
Se no presentou declaración: Certificado de imputacións do IRPF 2018:	5.Situación de violencia de xénero	20
	6.Un proxenitor/ou relación análoga en desemprego e con prestación (+ de 3 meses)	10
Se constan imputacións: (Rendementos+ ganancias patrimoniais – gastos deducibles)	7.Un proxenitores/ou relación análoga en desempregado e sen prestación(+ de 3 meses)	20
	8.Ambos proxenitores/ou relación análogo desemprego e con prestación(+ de 3 meses)	25
Se non constan ningún tipo de imputacións : os optidos na vida laboral, rendas exentas do INEN ou da Seguridade social ou Xunta. Declaración xurada.	9.Ambos proxenitores ou relación análoga en desemprego sen prestación. (+ de 3 meses)	40
	Os ingresos computanse: provintes pais/ parella análoga 100% //ingresos provintes de avos ou irmáns : 50%	

PRAZO DE PRESENTACIÓN: 15 días hábiles contados dende o día seguinte á súa publicación, do extracto desta convocatoria no “Boletín Oficial da Provincia de Ourense”.

ONDE PRESENTAR: vía electrónica a través do Rexistro Telemático do Concello do Barco de Valdeorras (atopase na Sede Electrónica do Concello na páxina web da rede de internet a que se pode acceder na <https://sede.concellodobarco.org>) ou a través do Rexistro de entrada do Concello de O Barco de Valdeorras de 9:00 a 14:00 os días hábiles, (situado no edificio nº 2 da Praza do Concello da Vila do Barco).

ONDE CONSULTALAS BASES, ACCEDER A SOLICITUDE E ANEXOS: Unha vez publicadas Estarán expostos na páxina web do Concello www.concellodobarco.org, no tablón de anuncios do Concello e no departamento de Servizos Sociais . (Praza do Concello nº 1) Máis información no Dep. Servizos Sociais ou no telefono: TLF:988 320202 ext.2168.



DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR xunto con a solicitude ANEXO I	
	<input type="checkbox"/> ANEXO II. Autorización asinada pola persoa solicitante e demais membros da u.f onde se dea o consentimento para que o Concello incorpore de oficio ó expediente os documentos sinalados.
A. O B R I G A T O R I A	<input type="checkbox"/> Copia do documento de identidade (DNI, NIE, Pasaporte) do/da SOLICITANTE e das persoas maiores de 14 anos que convivan con él/ela no mesmo domicilio.
	<input type="checkbox"/> Copia do libro de familia completo ou documento oficial no que consten os membros da unidade familiar coas súas datas de nacemento.
	<input type="checkbox"/> Volante de empadramento colectivo onde aparezan o menor. (pidese no Concello)
	<input type="checkbox"/> Certificado de matrícula emitido polo centro educativo onde o/a alumno/a se atopa matriculado/a e curso.
	<input type="checkbox"/> Copia da declaración da renda 2018 de todos os membros da unidade familiar maiores de idade ou no seu caso certificado de imputacións do IRPF 2018
	No caso de que no certificado de imputacións do IRPF 2018 información relativa a rendas/rendementos imputables o IRPF, deberá presentar a maiores con referencia o ano 2018:
	<input type="checkbox"/> Vida laboral <input type="checkbox"/> Desempregados: certificado de contías percibidas <input type="checkbox"/> Pensionistas: xustificación da pensión emitida polo organismo competente seguridade social e xunta <input type="checkbox"/> Perceptores de RISGA <input type="checkbox"/> Declaración responsable sobre ingresos percibidos ano 2018.
B. * C O N D I C I O N A L	*No caso de separación/divorcio legal ou nulidade matrimonial <input type="checkbox"/> Copia da sentenza ou medidas paterno filiais respecto ó/á menor, xunto co convenio regulador.
	*No caso de separación de feito <input type="checkbox"/> Xustificante da interposición da demanda de divorcio ou calquera documentación que avale esta situación
	*No caso de Vivir nun piso de alugueiro ou pagar hipoteca <input type="checkbox"/> Piso Alugado: Copia contrato e mais último recibo alugueiro, onde se identifique claramente a vivenda o arrendador arrendatario mes e importe pagado. <input type="checkbox"/> Hipoteca: Certificado bancario onde conste a nome de quen está a hipoteca, e a vivenda e que se esta a pagar.
	*No caso de discapacidade e/ou dependencia dalgún membro da unidade familiar <input type="checkbox"/> Certificado emitido polo órgano competente do grao de discapacidade cunha porcentaxe $\geq 33\%$ <input type="checkbox"/> Certificado de dependencia. <input type="checkbox"/> Resolución ou certificado emitido pola Seguridade Social de pensión de incapacidade permanente no termos de total, absoluta, gran invalidez
	*No caso de pertencer a una familia numerosa <input type="checkbox"/> Título de familia numerosa en vigor
	*No caso de situación de violencia de xénero no ámbito familiar <input type="checkbox"/> Documentación acreditativa desta circunstancia
	*En caso de adopción, acollemento ou tutela <input type="checkbox"/> Documentación acreditativa emitido polo órgano competente
	*No caso de viuvez do pai ou da nai <input type="checkbox"/> Certificado de defunción do proxenitor falecido.
	*No caso de que algúns dos sustentadores principais do menor/es levarán mais de 3 meses nalgunha situación de desemprego <input type="checkbox"/> Certificado do SEPE onde conste o tempo de desemprego e se ten prestación e a contía da mesma. <input type="checkbox"/> Vida laboral.
* Estos nos supostos que se queira xustificar ditos descontos)	
No suposto de que algúns dos documentos requiridos non podan presentarse por impedimento legal ou administrativo substituírse por unha declaración responsable con compromiso de achegalo durante a tramitación do procedemento.	
Mais información consultar bases cando se publiquen, na web do Concello www.concellodobarco.org , no tablón de anuncios no departamento de Servizos Sociais do Concello, Praza do Concello nº 1. ou no Teléfono 988320202 ext 2168	